

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES: EXPOSICIÓN ITINERANTE “TRAZOS DA CULTURA GALEGA: PARATRADUCINDO O MURALISMO CONTEMPORÁNEO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”; E 3.ª EDICIÓN DO CICLO “A LINGUA GALEGA NO CINEMA”.



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES: EXPOSICIÓN ITINERANTE “TRAZOS DA CULTURA GALEGA: PARATRADUCINDO O MURALISMO CONTEMPORÁNEO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”; E 3.ª EDICIÓN DO CICLO “A LINGUA GALEGA NO CINEMA”.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da institución provincial, entidade con CIF P-3600000-H, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Da outra, en representación da Universidade de Vigo, con enderezo no Edificio Exeria, Campus universitario, 36310 Vigo, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor desa entidade, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, de 20 de xuño de 2022, segundo as competencias que se lle outorgan no artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, e no artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, de 22 de febreiro do 2019.

Dá fe do acto, María Beatriz del Cerro del Río, vicesecretaria da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e conforme aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións do sector público, das administracións, das



corporacións de dereito público e, en xeral, de calquera entidade pública. De acordo co anterior,

EXPOÑEN QUE

I. Segundo o Convenio Marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, asinado o 18 de decembro de 2015, ambas as entidades acordaron establecer relacións de colaboración para realizar actividades e proxectos de forma conxunta que representen unha mellora para a sociedade

II. A Deputación de Pontevedra é unha Administración pública, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para cumprir os seus fins propios e específicos, de acordo co disposto no artigo 5 da LRBRL e no artigo 101 da LALG, e na que unha das súas liñas fundamentais é fomentar e difundir o emprego da lingua galega co fin de potenciar o noso idioma, especificamente no seu ámbito de competencia, a Administración, pero tamén en todos os demais sectores da sociedade, coma neste caso, o ensino, pois a aplicación das dinámicas das linguas en Galicia representa un dos alicerces da formación sociolingüística do alumnado galego.

III. A Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo. Conta con persoal investigador de valía profesional e de recoñecido prestixio e experiencia.

Segundo os seus estatutos, para mellor desenvolver as súas funcións a Universidade de Vigo propiciará o establecemento de relacións con outras universidades e institucións, particularmente coas de carácter académico, científico e cultural.



IV. Segundo o artigo 36.d da LRBRL serán competencias propias das deputacións as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109.d da LALG establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

V. No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétase que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1 establécese que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma”, e no seu artigo 25 figura que “o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

VI. No artigo 31.5, Medidas de fomento, da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, establécese que “as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, poderán establecer coas asociacións que persigan obxectivos de interese xeneral, convenios de colaboración en programas de interese social.”

VII. No artigo 22.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra recóllese que as subvencións se poderán conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

O Pleno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 26 de decembro de 2025 (BOPPO núm. 248 de 30 de decembro de 2025), a aprobación definitiva do



Orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, no que se inclúe unha subvención nominativa á Universidade de Vigo, con CIF Q-8650002B0, os gastos de organización do seguinte programa de actividades: Exposición itinerante “Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra”; e 3.ª edición do ciclo “A lingua galega no cinema”, por un importe de vinte mil euros (20.000,00 €).

VIII. Debe terse en conta que os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán o carácter de bases reguladoras e deben incluír, como mínimo, o recollido no artigo 15.6 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

IX. Avaliada a solicitude de subvención presentada pola entidade, acredítase que o expediente de petición de subvención reúne os requisitos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

X. Os convenios entre as administracións públicas ou coas corporacións de dereito público constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), no artigo 57 da LRBRL, e nos artigos 198 e seguintes da LALG.

XI. De acordo cos motivos expostos, e co fin de cumprir as dúas entidades cos seus fins e obxectivos e así garantir o fomento de actividades en favor da dinamización lingüística para a poboación da provincia de Pontevedra, é desexo de ambas as partes asinar este convenio de colaboración para os gastos de organización do seguinte programa de actividades: Exposición itinerante “Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra”; e 3.ª



edición do ciclo “A lingua galega no cinema”, por un importe de 20.000,00 €, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención nominativa prevista no Orzamento 2026 da Deputación de Pontevedra en favor da Universidade de Vigo coa finalidade de financiar os gastos de organización do seguinte programa de actividades: Exposición itinerante “Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra”; e 3.ª edición do ciclo “A lingua galega no cinema”, por un importe de 20.000,00 €. Así preténdese contribuír a que esta entidade, que ten como único obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da comunidade educativa en particular e da cidadanía en xeral, desenvolva o dito programa, tendo en conta o seguinte:

Exposición itinerante “Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra”

A exposición «Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra» é unha iniciativa promovida polo Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV) da Universidade de Vigo, en colaboración co Máster en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) —recoñecido como máster universitario excelente pola Xunta de Galicia e pertencente á rede europea da Comisión Europea— e mais o Grupo de Investigación TI4 Tradución e Paratradución (T&P) da mesma universidade.

O presente proxecto nace da vontade de recoñecer, documentar e poñer en valor o muralismo contemporáneo como manifestación cultural de grande impacto social, estético e identitario na provincia de Pontevedra. A través da exposición itinerante «Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra» preténdese visibilizar o traballo de creadoras e creadores



locais, favorecer unha comprensión social máis ampla destas prácticas artísticas e fomentar o diálogo entre arte, lingua e espazo público. A iniciativa inscríbese no compromiso da Universidade de Vigo por promover a cultura como ferramenta de cohesión social, innovación e participación cidadá

O proxecto ten como finalidade principal promover o coñecemento e o recoñecemento do muralismo contemporáneo como expresión cultural actual na provincia de Pontevedra. Preténdese visibilizar o labor de artistas urbanos locais e favorecer a súa integración nos circuitos culturais institucionais, ao tempo que se contribúe á divulgación da cultura galega e á dinamización da lingua galega en novos contextos creativos e xuvenís. A iniciativa contempla o deseño e a realización dunha web coa localización dos murais seleccionados para estes efectos, xunto con información dixitalizada, así como dun catálogo físico e dunha exposición itinerante que documenten as obras, os procesos de creación e os perfís das persoas artistas participantes. Incorporárase, ademais, unha actividade pedagóxica e lúdica dirixida ao alumnado de ensino secundario, orientada a fomentar a reflexión sobre arte, espazo público e lingua. Xunto a isto, propónse a elaboración dun dicionario terminolóxico galego-inglés especializado en arte urbana e muralismo contemporáneo, concibido como unha ferramenta pioneira de normalización lingüística e mediación cultural. En conxunto, o proxecto procura fortalecer a transferencia de coñecemento entre universidade, administración e sociedade

A proposta artéllase arredor de catro liñas de acción complementarias. En primeiro lugar, a creación dunha web dinámica onde se recollerán os murais máis representativos da provincia de Pontevedra realizados por artistas galegos, xunto coa información recollida a través de entrevistas, a súa importancia histórico-artística e un estudo sobre os materiais empregados nestas obras. Nesta ferramenta detallarase a relación entre o mural, a cultura e a lingua galegas. A persoa que acceda á web poderá coñecer de primeira man cales foron as circunstancias que levaron o artista a deseñar a imaxe, así como os materiais empregados e as condicións nas que se atopa a parede na que se realizou o mural. Este recurso didáctico será accesible e interactivo, facilitando a súa continuidade.



En segundo lugar, o proxecto contempla a elaboración dun catálogo virtual que compilará as obras e as persoas artistas participantes, xunto con textos divulgativos e reflexivos sobre a relación entre muralismo, identidade cultural e lingua. Ademais, crearase unha exposición itinerante deseñada para adaptarse a diferentes espazos culturais e educativos, co obxectivo de garantir a súa ampla difusión territorial.

En terceiro lugar, propónse realizar visitas aos centros educativos para presentar a web, explorala directamente co alumnado e trasladar así o proxecto á cidadanía; estas visitas fomentarán, ademais, a expresión artística en galego e a reflexión sobre o uso do espazo público como lugar de convivencia cultural e lingüística, acompañadas dunha proposta pedagóxica específica.

Finalmente, o proxecto inclúe a elaboración dun dicionario terminolóxico galego–inglés especializado en arte urbana e muralismo. Este glosario elaborárase a partir da información compilada durante as entrevistas ás persoas artistas, durante as cales, co apoio de persoal da área de normalización lingüística, se realizará unha compilación dos termos en galego relacionados coa técnica pictórica e a creación artística na arte urbana. Este recurso permitirá sistematizar a terminoloxía propia deste ámbito creativo, ofrecendo definicións e equivalencias lingüísticas que contribúan á normalización do galego en novos campos culturais e á proxección internacional da creación artística local.

3.ª edición do ciclo “A lingua galega no cinema”

O cinema galego é un concepto que incorpora formatos e xéneros diferentes. Nesta ambigüidade, na súa esencia fronteiriza, tanto narrativa como espacial, está tamén a súa forza. Pero é certo que un dos elementos fundamentais que define o cinema galego, un dos seus denominadores comúns, e quizais o máis importante, é a súa lingua.

Co ciclo titulado «A lingua galega no cinema», na súa terceira edición propóñense diferentes encontros para reflexionar sobre o cinema feito en galego e seguir sorprendendo coa proxección de películas que reflexionan sobre a historia e a



literatura, así como sobre o xénero da animación, e que exemplifican o gran momento que está a vivir o cinema galego.

Ao remate de cada proxección realizarase unha charla coloquio co público, que constituirá un momento fundamental de libre intercambio e debate

Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención nominativa prevista no seu orzamento de 2026 á Universidade de Vigo e aboar o importe de 20.000,00 €, condicionado ao cumprimento dos termos establecidos neste convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos establecidos neste.

Terceira. Obrigas da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención para o programa de actividades: Exposición itinerante “Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra”; e 3.ª edición do ciclo “A lingua galega no cinema”.
- Xustificar ante o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou aproveitamento da subvención.
- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos na cláusula décima do convenio.



- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.
- Someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos se lle esixan nas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir cos demais supostos previstos nesta convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da LXS.

Cuarta. Vixencia

O período de vixencia deste convenio será desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. En canto ao período de realización das actividades, este



abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026, con independencia da data en que se asine.

Quinta. Condicións e financiamento

A achega económica da Deputación para a realización deste convenio será de vinte mil (20.000) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/334.3340.489.05.

Para o aboamento da cantidade a entidade deberá estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non poderá estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.

O importe da subvención supón un coeficiente de financiamento do 100 % sobre o orzamento detallado do proxecto obxecto da subvención presentado polo entidade por importe de 20.000,00 €.

| ORZAMENTO | | |
|--|----------------------|-----------------------------|
| Actividade | | Importe |
| Exposición itinerante "Trazos da cultura galega: paratraducindo o muralismo contemporáneo na provincia de Pontevedra | | 11.500,00 € |
| A lingua galega no cinema. 3.º Edición | | 8.500,00 € |
| TOTAL..... | | 20.000,00 € |
| Orzamento | Subvención concedida | Coeficiente de financiación |
| 20.000,00 € | 20.000,00 € | 100 % |



Sexta. Xustificación do convenio

O prazo para a xustificación do convenio finalizará o 28 de febreiro de 2027.

E, para xustificar o cumprimento e o posterior pagamento da subvención, a Universidade de Vigo deberá presentar:

1. A conta xustificativa dos gastos por un importe igual ou superior ao orzamento total da actividade que figura na súa solicitude, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, na que se detallan as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e que reflicta que os gastos que figuran nela son reais e que se destinaron á finalidade para a que se concedeu a axuda.

Este documento pode descargarse nas seguintes ligazóns:

Conta xustificativa:

[26b63eef-92dc-ebbe-8cff-83e88d0e790c \(depo.gal\)](https://depo.gal/26b63eef-92dc-ebbe-8cff-83e88d0e790c)

Anexo:

[4f302094-7f80-db04-7f14-18f7b5d02afb \(depo.gal\)](https://depo.gal/4f302094-7f80-db04-7f14-18f7b5d02afb)

Xustificaranse os gastos polo importe da subvención concedida pola Deputación por medio de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo; en cada factura indicarse o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total.

2. A memoria explicativa do desenvolvemento das accións subvencionadas e dos servizos prestados asinada pola persoa competente e selada, na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente e na que se indiquen os obxectivos acadados, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
3. Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, que inclúan o logotipo de Deputación de Pontevedra.



Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, e non se aboará máis ca o importe xustificado co límite da subvención concedida.

Sétima. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Conforme ao disposto no artigo 19.3 da LXS e no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, "o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, en illamento ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada".

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e os seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra para o ano 2026 da Deputación de Pontevedra.

Oitava. Comisión de seguimento

Estará constituída por dúas persoas representantes de cada unha das partes que interveñen neste convenio e encargaranse de:

- Interpretar, supervisar e controlar o contido deste convenio.
- Seleccionar as persoas participantes.
- Trasladarlles aos órganos competentes das dúas partes as propostas presentadas.



Novena. Control, seguimento e avaliación

A Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

Para iso, a institución provincial, a través da área de Intervención, poderá someter a control financeiro esta subvención, tal e como se establece no artigo 44 da LXS e no artigo 31 da OXS desta Deputación.

Este control terá por obxecto verificar:

- a. A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte das entidades e persoas beneficiarias.
- b. O cumprimento por parte das persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.
- c. A adecuada e a correcta xustificación das subvencións e a consecución dos seus obxectos.
- d. A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, se financiaron coa subvención.
- e. O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- f. A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte das persoas beneficiarias que poidan afectar a correcta obtención, utilización, aproveitamento ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións financiadas por ela.



Nese sentido, as persoas ou entidades beneficiarias deben pagarlles ás ou aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada; terán que facelo preferentemente por medio de instrumentos de entidades financeiras e será obrigatorio cando o importe supere os novecentos (900) euros.

Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro. Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio remitiráselle ao Consello de Contas, en aplicación do artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016).

Décima. Publicidade e difusión

A Universidade de Vigo comprométese a facer constar a colaboración e a participación da Deputación en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, independentemente do medio de difusión. A institución provincial resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a súa execución.

Para todo o relativo á publicidade seguiranse as instrucións establecidas polo Servizo de Comunicación Institucional a través do seguinte correo electrónico: comunicacion@depo.gal

Décimo primeira. Notificación electrónica

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo segunda. Extinción e efectos da resolución dos convenios

O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da LRXSP. En particular, resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Décimo terceira. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Se se incumpren as obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Se se incumpre a obrigación de presentación de xustificación nos termos establecidos.
- Polas demais causas determinadas na normativa de subvencións.

Décimo cuarta. Réxime xurídico e lexislación aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 36.1.d (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Ordenanza xeral de subvencións (OXS) da Deputación de Pontevedra.



- Bases de execución do Orzamento provincial, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Demais lexislacións aplicable.

A competencia para o coñecemento das accións derivadas deste convenio corresponderalles aos xulgados e tribunais que proceda, en aplicación da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio ten natureza administrativa e está sometido ao réxime previsto nos artigos do 47 ao 53 da LRXSP.

En cumprimento do disposto no artigo 53 da LRXSP, e na Resolución do 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos subscritos polas entidades do sector público local, este convenio, cuxos compromisos económicos non superan os seiscientos mil (600.000) euros, rexistrárase na aplicación informática da Deputación de Pontevedra co obxecto de incorporar os datos deste á relación certificada anual que se lle remitirá ao Tribunal de Contas.

Décimo quinta. Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no



Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a:

- Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- Garantir que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- Non cederlles a terceiras persoas os datos de carácter persoal, salvo nos casos nos que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas empregadas e empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán destruírse ou devolverse unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento no que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que se puidesen establecer na normativa ou nas decisións xudiciais con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que o requiran pola súa natureza. Deberá dársele o mesmo destino a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

E, en proba de conformidade, ambas as partes asinan este convenio de forma dixital na data indicada na marxe.

